

ALMA MATER DO POBO GALEGO

## Homenaxes a Rosalía de Castro dentro e fóra de Galicia

Román Rodríguez di que os mozos teñen o maior coñecemento do galego e lles pide un compromiso "igual de forte que o de Rosalía"

SANTIAGO. EP



Distintos actos celebrados dentro e fóra de Galicia homenaxean este martes, 24 de febreiro, a figura de Rosalía de Castro, "alma mater do pobo galego", no día en que se cumpren 178 anos do seu nacemento.

Lecturas, ofrendas, actos institucionais e iniciativas máis novidosas recordan esta xornada en distintos puntos á autora galega, que chegou mesmo ao xigante de Internet Google, que dedicou o seu 'doodle' de hoxe ao aniversario da poeta.

A Fundación Rosalía, en compañía da Consellería de Cultura e os concellos de Santiago e Padrón, realizou unha homenaxe ante a estatua que recorda a Rosalía na Alameda compostelana, onde deixaron dúas coroas de loureiro e os escolares do IES Rosalía leron varios dos seus poemas.

Durante o acto, o presidente da Fundación, Anxo Angueira, cualificou de "acontecemento extraordinario" o número de actos que este martes recordan a Rosalía de Castro, unha muller que "selou para sempre" a relación entre as localidades de Compostela e Padrón. "Hai 178 anos nacía en Compostela unha ilusión, un sono, unha esperanza para Galicia, para unha Galicia digna, coa súa cultura, coa súa lingua e coa súa terra", sinalou Angueira.

Pola súa banda, o alcalde de Padrón, Antonio Fernández Angueira, animou a "comprender e poñer en valor" a vida dunha escritora "indispensable na literatura do século XIX" e "alma mater do pobo galego"; mentres que o rexedor de Compostela, Agustín Hernández, eloxiou a súa obra "chea de matices e interpretacións".

O alcalde de Santiago, unha cidade "en débeda" con Rosalía, apuntou que recordar a súa figura é "en boa medida recordar a importancia" da lingua galega, que "ela axudou a levantar". "Hoxe, cando se acenden as alarmas sobre o uso da lingua, este acto ten que servir para recordar non só a figura da súa máis recoñecida defensora, senón a convicción de que o idioma seguirá vivo mentres cada un a nós sigamos perpetuando a fala", sentenciou, "non hai mellor ofrenda para Rosalía".

## ESPERANZA POSTA NOS MOZOS

O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, referiuse durante o acto de ofrenda aos estudantes do IES Rosalía de Castro que participaron para asegurarlles que "depende" deles a pervivencia do galego.

Hai 178 anos, recordou Rodríguez, nacía "unha persoa que veu a cambiar a percepción que se tiña sobre a lingua galega nese momento", unha "persoa valente" que revitalizou un idioma "ata aquel momento pouco utilizado en cuestións de literatura e cultura".

Na actualidade, indicou o conselleiro, a situación da lingua e a cultura galegas "cambiou de forma notable" e os mozos actuais son os que teñen "o maior coñecemento" oral, escrito e lido do idioma, unha lingua "cultá" que "une e dá identidade" aos galegos.

"Hoxe, o compromiso coa nosa lingua teñen que ser igual de forte que o que tivo Rosalía no século XIX, depende de vós, de que o usedes", sentenciou Román Rodríguez, que indicou ante os escolares que "nunca antes tanta xente recibiu formación en galego e tivo a seguridade de saber ler e escribir en galego". "Usar o galego é a mellor garantía, a mellor homenaxe que lle podemos facer", sentenciou.

### HOMENAXE NA CASA MUSEO

Dentro dos actos que este martes recordarán á poeta galega, a Casa Museo de Rosalía en Padrón celebra esta tarde un evento protagonizado pola música de Najla Shami e a poesía.

A fundación aproveitará este acto para presentar a edición en formato libro-CD do proxecto 'De Cantares hoxe', en colaboración coa Radio Galega, que reúne os poemas inéditos escritos por 36 poetas a partir dos que Rosalía de Castro publicou en 'Cantares Gallegos'.

Para iso, algúns dos artistas participantes lerán en padrón os seus textos. No acto intervirán tamén as críticas literarias Ana Salgado e María Xesús Nogueira e pecharase coa actuación musical de Najla Shami, compositora galego-palestina que publicou en 2013 o libro-disco 'Na lingua que eu falo', no que traballa sobre a obra de Rosalía.

### INTERNET

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) organizou este martes distintas actividades para recordar a figura de Rosalía, entre as que se anima a utilizar as redes sociais e Internet para difundir a súa figura.

Baixo o lema 'Eu son Rosalía', a AELG anima os cidadáns a regalar esta xornada un libro en galego e unha flor e a subir ás redes sociais vídeos nos que cada lector se identifique cunha faceta da vida e obra de Rosalía de Castro.

Ademais, dentro do ámbito das novas tecnoloxías, Google dedicou o seu 'doodle' deste martes a Rosalía de Castro, con motivo do 178 aniversario do seu nacemento, unha imaxe na que pode verse o rostro da poeta xunto ao escudo galego e a algúns versos.

En distintas cidades, como Lugo, A Coruña e Vigo, organizáronse sesións de lectura dos poemas de Rosalía de Castro, que tamén está presente en varias das bibliotecas galegas. En Madrid, o Grupo Bilbao convocou tamén unha lectura dos poemas de Rosalía na rúa Bésta 13, a que foi a súa residencia na capital española.

Tamén en Portugal terá presenza o Día de Rosalía, que se celebrará na I Semana Cultural Convergencias Portugal-Galiza, que ten lugar na localidade lusa de Braga. En representación de Galicia acudirán a estas xornadas os músicos Uxía e Narf, así como o presidente da Fundación Rosalía, Anxo Angueira.